

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 3 CINTA 1



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0001_003_en_0_21_49_id495_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0001_003_en_0_21_49_id495.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o terceiro corte dos que se divide a primeira das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña. A entrevista trata sobre as artes do bou, a “entallada” e o mediomundo.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que elegimos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos “...” no medio da conversas correspóndense con partes inintelixibles ou cortadas no audio e polo tanto non se poden transcribir.

As partes do texto que aparecen en cursiva entre corchetes “()” correspóndesen cos expresións xestuais da persoa informante ou con aclaracións do transcritor.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcrición realizada por Xosé C. Villaverde e revisada por el mesmo no ano 2019.

PALABRAS CHAVE

pesca, artes de pesca, arrastre, bou, entallada, mediomundo

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 3 DA CINTA1

P: ¿Qué outro tipo de artes había, as pezas?

R: As pezas, era o xeito..

P: ¿Qué se pescaba máis ou menos? Pescadilla ¿non?... ou o que mallaba.

R: Non, Non. Da sardiña era ó xeito, o xeito ou parrocha, a parrocha grande que era un tipo de... (*xoubra*)... Despois tiñas o bou, o boliche, a rapeta

P: O bou. ¿O bou que era máis grande?

R: O bou era máis pequeno có boliche. Era outro modelo. Era o mesmo cerco, a mesma feitura ¿non?. Solo que era un aparello de arrastre, tiña máis tipo de arrastre.

P: Viña máis ó fondo.

R: Viña máis arrastrando o suelo, porque collía máis tipo marisco e o boliche é unha rede que colle nécoras....

P: Vai entre aguas ¿non?

R: Colle nécoras, é un tipo... para traballar volante, que apenas toque no fondo. Pa que toque no fondo para asustar o peixe ¿non?. Pa que o peixe se levante. Pero o bou é para arrastrar de todo, nécora, centola e todo eso.

P: E ¿entalladas tamén había?

R: A entallada había.

P: ¿A entallada que tiña moitos metros non?. A min acórdame facer as...

R: A entallada largabase case, case na esquina da praia de Meira e chegaba casi acá, a..., como lle chamabamos nosoutros, a Pedra de Consela, esa pedra que está aí, na rambla esa...no monmento ese...

P: Si, sí, a Pedra de Consela

P: Eses entonces tiñan trescentos metros ou máis ¿non?

R: Tiñan quinientos ou seiscientos metros. Ahora que, tiña que vir largar sempre na pleamar

P: Eso si, esperaban á baixada da marea.

R: Porque despois ó baixar o mar.... coa pleamar chegaba hasta aquí, mentres o peixe estaba aquí na pleamar comendo... acudía aquí a praia, pero quedaba muita praia alí aínda. Eu tiña que deixarlle espacia para que o peixe estivera tranquilo aquí, mariscando e largar por aquí. E ó baixar o mar, o peixe quedaba embolsado aquí, non tiña saída. A rede (posta) en altamar facía a función e tropezaban na rede. Pois si os dueños e mariñeiros, ao estar en



cala de calar, en couro ou taparrabos, pois iban xa collendo o pescado que iba quedando en seco.

P: E que o metían na chalana

R: Botabanno na embarcación, de remo, e collían. E despois para recoller as redes, recollían tamén cando estaba pleamar, era cando a rede estaba aboiada por que senón tiñan ó lombo... para acarrexar tanta rede, e xa coa mesma embarcación collían as redes, pero había veces que era un traballón tremendo...as molladuras..

P: E iso, as entalladas espichaban un pau para que a rede non fora abaixo de todo ¿non? ó baixar a marea ó quedaren en seca...

R: A rede xa se largaba en cala de rede. Saca a rede, quedaba en cala pero ó meterlle esas varas secas era cando o muxo, largaban e collían muxo de..., e o muxo pois, saltaba muito e marchaba todo....Entón tratar de collerlle así... porque na máis a entallada...

P: A entallada, acordo que iba muita xente, baixaba cantidá de xente, as mulleres rapaces, iban todos.

R: A entallada tiña unha parte, unha zona. Que usted podía ir a entallada, sempre que o peixe estivera a uns metros desviado da rede.

P: E decir, o que estivera varado. O peixe que estivera varado podía coller.

R: Si, si. Esta é a rede ¿non?, e o peixe anda por aquí, enton tiña asignados un metros pa xente, todo este peixe que estaba aquí, podía collelo, pero nunca meterse na zona do cercado

P: Un metro ou dous de...

R: Si, dous metros.

P: Eran dous metros o que marcaban mais ou menos.

R: Si porque metéronse en moitos jaleos por iso ... Vouche dicir porque na praia de Meira había que largar a entallada...

P: Era a que máis se usaba a praia de Meira e a de Moaña, ¿non?

R: Si a que chamabamos a praia de Moaña.

P: Despois esa arte prohibíronna, chegaron a prohibir, a entallada.

R: Quixeronna prohibir varias veces e non a prohibiron.

P: Porque esquilmbaba muito.

R: Non porque a entallada estaba completamente reconocida, con límites. Agora saíndo dos límites do traballo dela pois... porque a entallada... tiña unhas marcacións de largala. Non poden interrumpir...

P: Claro, ó abarcar moito campo

R: Pode causar unha avería, ven un barco descoñecido ou calquera cousa e topa a rede... pode ser, pode topar a rede, ... vamos coller a rede.

P: E usaban outro tipo de métodos para pescar o peixe ¿como era? o medio mundo.

R: O mediomundo e co engado

P: ¿Co engado, e que se usaba para pescar a sardiña tamén?

R: Non. Bueno os xurelos si. O xurelo, pois busca unhas zonas onde está o pescado ¿non? O xurelo ou dese tipo e empeza a engadar, a enghadar pola mañán temprano e cando sinten... leva unha liñas para ver si pican ou non. Porque teñen que levar unhas liñas, para saber si o peixe está mais abaixo da driza do ...(bote?)... E empezan a pescar a liña e entón saben que o pescado está... E largan o mediomundo abaixo, ó fondo.

P: Si, si.

R: Entonces, cando o peixe está engadado izan o medio mundo por uns estais.

P: O mundo ¿que é? É circular ¿non?

R: Ten uns ventos así,

P: Uns ventos para mantelo dereito

R: Hai algún que se marcha antes de collelos , como o peixe está enredado comendo el vaille por abaixo e cóllelo e...